



Orgao da "Xuntanza Nazonalista Galega d'Habana

## NOS

Quén somos, d'onde vimos e a donde vamos.

É o primeiro término, un saúdo tenro pra todas que léen as persentes liñas.

Somos: un fato de fillos da nobre e escravizada Suevia. Somos un fato de fillos desterrados pola nosa vontade, p'ro obrigados a faguel o porque nos nosos pazos, nas nosas leiras, nas nosas chouzas e nos nosos valhes, non podíamos respirare o aire puro, o aire da liberdade, no emprego senso da verba. Porque os esbirros caciquís, ollando pra nos, por tras das silveiras e por ende os valhados, no nos deixaban acougar nin colher refolgo. E tivemos qu emigrare ou someternos a polí-teca noxenta de Madrid, e a escravitude vergoñante de Castela.

Somos, logo os eternos pelegrís, que tiveron que sair pol-o mundo adiante ollando onde topar un oasis pra coller folgo; ollando a Patrea asoballada, a mirare qué podemos faguer pol-a liberazón da terra que nos dou nados, pro que non puido darnos ceibes. Pol-a reivindicazón de raza e pol-os dereitos do noso pobo. Iso somos Nos.

D'onde Vimos:

Vimos d'un pobo escravo, dun pobo que sofre fondamente, d'un pobo fumeante de liberdade e do gozo dos mais sagros dereitos que lle foron usurpados pol-a forza; d'un pobo que non pode conter a todol-os seus fillos, porqu'inda que tén multipres riquezas e tesouros naturaes, istes están debaixo da terra, porqu'os cartos do Tesouro Nazonae emprease en forzar cadeas pra apresioarnos en vez de faguernos ceibes.

Desterras ises tesouros, é un crime de lesa Patrea. Fai falha que nos saian moitos pre-

ductos, y-e perciso qu'entren cantos mais milloré pra poder manter total-as xeraquías habidas e por habere, inda qu'o pobo se morra de fame.

D'eihí vimos. Vimos d'as tebras e vamos a luz.

Vamos cara a luz da liberdade. Cara a rendazón da Patrea galega, a reivindicazón da xusticia e os dereitos asoballados. A iso imos e eisí vamos: e-a bandeira da Patrea irredenta, da Patrea do heroe Breogan, dada o vento en sinal de reveldía e de protesta. E-a bandeira azul e branca; azul com'o ceo da Galiza, branca e pura com'ó ideá que de cote queremos conquistar.

A iso vimos e eisí vamos: cos brazos abertos, pra recibire a todos aquiles que quixeran sumarse a nosa causa, e con nos quixeran compartil-as loitas que se aveciñan.

Nos diremos, como é costume faguelo, en tales casos, qu'iste xornae é unha publicazón mais na palestra pereodística. "Nos" será o orgo da Xuntanza Nazonalista d'Habana, dende espallaremos os ideás Nazonalistas. Donde terán cabida todol-os homes de boa vontade; sen perguntarlle a naide, d'onde ven, soyamente a donde vai.

É perciso que haxa un novo acercamento entre todos aquiles que fondamente esteñan ateigados do mais sagro esprito galegustia. Pensade que "a unión fai a forza". A desunión é a morte, o acercamento é a vida. Quixeramos ver, baixo o sagro estandarte da futura Galiza ceibe a todol-os seus bos fillos; que, dando o esquencemento todo aquilo que non se espire no ben da Patrea, veñan con nos de cote a laborare. Pro si hai algún que, sinxelamente coide que os ideás que susten-



mellos, non nos ponan pedras no camiño por onde temos que pasare.

Se a nosa causa non é xusta, caerá pol-o mesmo peso dos seus erros.

Pro, si a nosa causa é xusta, nin vos e-a vos-a indiferenza, nin Castela con tod'o seu poder, farán fracasal-a causa.

A. R. Orjales.

## NOS

Ca y-alma ateigada de saudade, co curazón cheio de ledicia, driximos un saúdo, a prensa amiga e nemiga. Os nosos adeversarios, pra que ca nobreza e outura de miras, pra que co agarimo con que nós os saudamos, sepan en todol-os momentos, ceibes de pasiós inmoraes e rastreras, xuzgal-a nosa obra, que non será mais que unha obra de apostolado e rebeldia, que faga erguer na y-alma da RAZA, o berro sacrosanto d-"INDEPENDENZA". Os nosos irmans lles non driximos un saúdo, sinón que lles enviamos n-este idearium, a nosa y-alma (posta o servizo da idea), pra que xunta ca d-eles, fagan a mais outa obra que coñece a estórea, a obra que d-un pobo morto, faga xurdir unha nación ceibe, que sexa orgulo da humanidade e da RAZA.

Saudamos co berro d-"INDEPENDENZA" ós valentes orgos nazonalistas, que na PATRIA defenden o sagro idearium. Unha apreixa fonda, pr-os sabios directores d-"A NOSA TERRA" de Cruña, "NOS" d-Ourense, "A XUSTICIA" de Villalba, que pra honra da nosa RAZA, tan barilmente defenden o noso rexo sentimento.

### QUIEN SOMOS, E A DONDE IMOS

N-estos dias de fonda trascendencia, n-estos momentos de *convulsión ideolóxica*, sae "NOS" a ocupal-o posto que a humanidade ten reservado, ós heraldos ideolóxicos, ós heraldos de novas ideas, que son anacos de y-alma saída do peito dos que as pregoan.

"NOS", ven a cumprir o sagro mandamento de TERRA, que nos empuxa a laborar pol-a súa "INDEPENDENZA", ven a ocupar un posto nas trincheiras dos campos da fidalgui CELTA, ven a ser o valente idearium das y-almas que o vivir desterra, dos pelegrinos do ideail, que botados da PATRIA por un poder salvaxe e asesino, laboran pol-o mundo adiante, pol-a liberazón de súa TERRA. "NOS" será o heraldo rebelde, que vaya ó frente da sagra revoluzón, será o que sembre nas concencias galegas, o odio a morte ós opresores, espallará pol-a TERRA, unha aberta e recapitada rebeldia, contra todo o que non sexa extridenda nazonalista. Xa finaron os tempos "parlamentarismos"; é hora de obrar, e pregoar pol-o mundo enteiro, de dar a coñecer a humanidade, que aló nas feras costas do FISTERRE, hay un pobo que quer ser ceibe.

"NOS", ven a fagner todo isto, ven a expôr ós desterrados, o sagro deber que teñen, d-axudar a liberal-a súa PATRIA do yugo centralista.

non conducen mais que a loitas estériles. "NOS" está aberto a todol-os galegos que pensen ceibamente, e que queiran pór o seu esforzo, na grande obra liberadora da nosa PATRIA.

### PROFESION DE FE

Somos abertamente *arredistas*, pensamos que o arredismo é a úneca salvazón da Galiza, e pol-o tanto, a nosa labor tenderá o espallamento da idea *arredista*, úneca salvazón pr-o noso preito nazonalista.

Acatamol-as ordes da outa "XUNTA SUPREMA" do "PARTIDO NAZONALISTA GALEGO" ó que pertecemos, e estamos dispostos a fagner toda canta porpanda sexa percisa, pra que axiña latexe uncementes, na y-alma dos CELTAS, o sagro berro d-"INDEPENDENZA".

Tomás Rodríguez Sabio.

### GALIZA E IRLANDA

Fai tempo qu'Irlanda, a subrime nación irlandesa, traballa en pro d'unha causa nobre, d'un deseio admirabile, d'un separatismo absoluto. Cando a prensa publicou as primeiras novas d'esta loita qu'aquela nación establoú con Inglaterra, sin saberse por que, tembloú todo meu cor po, pro tembloú d'alegría, d'enevexa. D'enevexa, por qu'a causa qu'elas defender e a mesma que late nos nosos peitos, é a loita pol-a Pátria, ceibe, por ceibar a Galiza, d'aquelles "madroños" que nos apretuxan a gorxa, do yugo opresor d'os cacicatos d'a Hespaña, en unha verba: o que Irlanda quere, é o que nosoutros deseiamos: O SEPARATISMO.

Einsi Galiza qu'Irlanda, queren, e eixixen a separazón d'aquela que ven sendo a súa tutora, por que non a necesitan, pois como moi ben di o adaxio "Vale mais andare soilo que con un mal compañeiro". E preferibre que vertamos a nosa sangue pol-o ben da Pátria, é mais honroso morrer cumprido c'o noso debere de redenzón, que sucumbire opremidos pol-os politecos que chupan a nosa sangue pra os seus bolsos.

O martir d'Irlanda, os héroes que sufriron cal este a folga de fame, son os mellores maestros a quenes debemos exemplarizare. O alcalde de Cork prefriu morrer pol-a súa abstinencia que sucumbire n'as maus dóos ingleses. Seu ayuno foi grande, pro a súa vountade, o seu cariño, o sentimento do seu curazón foi mór ainda. El dixo que si era perciso morrer pol-a causa, morrería, mais non fusilado, sinon pol-o seu propeo segrificio. E ainsí foi, morreu, por que él prefriu esa morte, pra que servira d'exemplo a os demais loitadores. Por Mac Srvney será inmortal n'o peito d'os irlandeses, é o heroe n'a Historia de a Independenza d'Irlanda.

Os bos galegos, deseiamos o mesmo pra nosa Pátria, deseiamos separarnos d'a tiránica Hespaña, coba de cóbregas non dina de ternos como seus fillos. Queremos separar-



malgastare e a panza chea.

Xa pãsou o tempo de sere carneiros: Chegoú o día de sere ceibes.

Tomemos o exemplop d'os nosos irmans n'a loita, e fouciño n'a mau libremos a batalla qu'a de darnos o trunfo, deseiado.

A sangue que derramase n'as politecas de cloaca, e feitos que non teñen importancia, é menester perdela pol-a libertade d'a nosa nazón, si Hespaña, pol-a boas, non quere concedernosla.

Vertamola pois, e morramos si é preciso, pro libremos â terra meiga d'as tenallas hespañolas.

Queremos unha Patrea ceibe, sin oligarquias, nin deshonoras, sin cacicatos nin politecas deshonorosas; queremos pureza e honor. sin non acollen o noso reto insultemoslos, pro fagamos a loita qu'a de facere a GALIZA, PATREA CEIBE.

*Camilo Díaz Seoane.*

Habana, Antroido 1921.

### IMAXIN D'A PATREA

Onde queira que m'alcantro i-onde queira que vai, levo comig'o recordo imborrabre d'unha xenerosa e subríme Mociña, a que vexo c'os seus abundantes e seibosos cabelos, seus ollos grandes e rasgados de mirare doce e vivo, suas fermosas cexas prefeutamente arqueadas. seu cutis de cor rosado, sua narice reuta e fina, seus beizos roxos e sua boca da forma nais delicada e soave. Vedes a isa Mociña qu'a Natureza nos persenta como modelo eixempriere de toda prefeizón; com'a mais feiticiera e virtuosa a través de todos os tempos. Pois aínda qu'o contemporal n-o médeo d'ise encanto nos parez qu'está leda e que sorri, sucede tod'o contrario. Desgraciadamente seu curazón está ferido e vive triste i-afrixida n-o mais horrendo martireo, porque se vei presa por unha ganada de feras doentes e famentas que cobizan devorala. Seu esbelto i-admirable corpiño está cheio de desgarraduras e denteadas feitas por ditas feras que de vez en cando bótanse sóber déla, rachándoll'o coiro i-arrancándolle pedazos de carne. N-a sua i-alma que se chama Mondoñedo, ten aberta unha gran ferida; n-o curazón que lle chamamos Carral, ten outra mais fonda e qu'o tempo non pudo curar aínda. Nebra e Sofán, recordan terribres coiteladas conquelle abriron o delicado seo.

Galegos d'espritu sintimentale, que no voso peito latexa un nobre curazón céltico, acudide aprestar auxilios a isa virxen-mártir qu'está sentenciada a ser degollada pol-as menzoadas feras malinas que protexe o Poder Centralista. Lnzádevos todos o fogo con paus; fouces e coitelos a yengar seu corpo escarrecido, exterminando pra sempre c'os verdugos.

Pro salvamento da Mociña-imaxen contamos c'os galegos bós e xenerosos e facemos un chamamento patriótico a todol-os irmáns escarriados.

Desterrade dos vosos curazós a indefrenza ¡i-a loitar! ¡Todos a loitar! Todos somos irmáns; todos somos patriotas; ¡¡¡Somos galegos!!!

Adiante, pois, que ista obra subirá serea o Calvareo da redenzón galega, c'o curazón cheio d'espranzas i-o espíritu acungulado d'enerxias.

¡Saude e Pátrea! ¡Terra a Nosa!

**F. G. Gómez.**

### SANGUE

Cada vez que penso n'os moitos aldraxes qu'a Hespaña, esa Hespaña chea de enfiados e d'homos

probes irmans cobardemente asesinados en Nebra e Sofán; os mortos traidoramente en Carral; pra vengar o mais grande loitador da nosa Santa Causa, o mariscal Pardo de Cela; quén dendes d'a sua tumba crama o ceo e pide os homes venganza; e que, ou pouco-heimos de poder, ou axiúa a terá. Pra vengarnos de todos ises adraxes, pra poñer a nosa amada Patrea no lugar que, como Nazón, independente lle pertence. E nos sabemos qu'os cambeos de réximen non se poder faguer sin qu'a sangre corra pol-os nosos prados; nos ven o sabemos y esperamos confiados a hora da loita, na que mais tarde ou mais cedo, verase brilar a xusticia de Dios.

Nos non queremos nada que de xusticia non sexa. Galiza foi unha nazón ceibe, c-a sua lingua propea, as suas cortes, os seus exércitos; e, si oxe s'atopa unida a Hespaña é porque ésta, valéndose do vil engaño unhas veces, da superioridade outras, e as mais da inxuria, pra buscar a discordia entre os galegos con o único oxeto de que se fixeran a guerra uns a os outros, ¡pra ela poder mediar a facer o que xa fixo! Con isto queda demostrado que nos nos fagumos mais que pedir o que nos corresponde; que se nos devolva o que se nos roubou inicualmente... ¡e que terán que devolve-lo queiran que nón! Nos queremos que se nos dé a independenza. Nos non queremos seguir gobernados por mais tempo, por un goberno qu'inda non coñece as costumes do seus gobernados.

Hastra agora nos conformábase con unha autonomía, mais ou menos ampria; pero oxe, qu'iso e nada todo é o mesmo, imos dereitos ao separatismo. Renegamos ser súbditos d'unha nazón que non é digna de contar entr'os seus fillos a persoas de espiritu ceibe, qu'un día sí e outro tamen vense continuamente aldraxadas. Por eso nos vamos dereitos a Independenza inda que sexa a costa de sangue; e que esa sangue sea a venganza d'aquiles irmans que foron asesinados pol-as turbas que dirixen homes sin concencia, sin vergonña, sin...

Inda que nos coste moita sangue, ¡moita!... Nos termol-á nosa Independenza. ¡¡Loor os Martires galegos!!

Patrea Ceibe.

**Xavier Pardo.**

## NOS

Aquí tedes un home pequeno, muy pequeno. Pero iste é d'aqueles que teñen a alma mais grande que o corpo. "Nos" é un pequeniño de alma tan grande, como son inmensal-as esperanzas e nobres espiritus que o animan. "Nos" é un idiarium galego, soyamente galego. Fala galego, pensa en galego e vive soyo pra Galiza. A este pequeniño, que nace d'un ideá e medrará en pos da loita, non lle cadra nada que non sexa producto neto da terra Celta. O que nonsexa galego non lle compre a iste pequeniño. "Nos" é soyo galego.

Nadie trate de mercar-a concencia de "Nos", pois que perderá o seu tempo miserablemente; a labor d'iste pequeno é o Nazonalismo Galego; as esperanzas de "Nos", é a libertá de Galiza; Patria Ceibe, trae esquirto na frente.

Irgueita a testa, podrá voar Nos por total-as rexións do sagro ideá. Limpa a concencia, varil, rixido, temos que velo cruzar cara a terra que deixou escrava e que soñou ceibe. Nos, é probe, como vedes, pro...

Nos, non nació pra mercadeiro... O que non compra o Nazonalismo, non compre a Nos tampouco.

Iste pequeno e soyamente galego, mui galego!

**Gómez F. G.**



Non está de mais que antes de pasar adiante na escabrosa senda de esta modestiña publicazón, lles presente, un por un, todol-os rapaces que, pol-o de oxe, fixarán n-estas páxinas os seus fogares espirituales y-a tribuna dos seus valentes e patrióticos ideás. Lles foron, e compre non esquezelo, os que diron vida a iste paroleiro rapaciño que responde por "Nos". Son lles:

A. Rodríguez Orxales: (Conselleiro 1º) Na imaxinación de Castelao, ten a figura d'un bello gaiteiro; pero deulle Natura gran parte da virtude de Job e un sentido común pouco idem; non esquenece a lóxico nos razonamentos e da sua cultura non lles falarei, porque temo qu'a miña liberdade poida acarrearlle nemigos gratuitos; outro día será.

Tomás R. Sabio: (Segredareo) "Veni, vide, vici", lle dín por ahí, lles sabrán por qué. Presenta a orixinalidade de "caerlle mal" a metade dos que trata, e pra outra metade é "un anxel seductor". Eu, confeso, caín nas redes d'istes últimos, e sabe Deus a donde me levará... Inda que sempre, e con coñecemento de causa, (sinón, non) gustoume enfrentarme con istos seductores; porque si seducido vou a parar a un candido aposento, cómpreme mais que si pol-a miña vontade me meto de cabeza no inferno.

E un loitador decidido pol-o Nazonalismo; inxenuamente intransigente, non está quedo nunca e co seu ollar parece una veleta.

Xosé Arias: (vicesegretario) O mais pequeno, de corpo; que de alma é... un galego nazonalista. Fuma "en pipa" e gasta mecheiro. Cando non tén tabaco imponse d'ista maneira:—denme un pito si queren que fale.—Nosoutros e temel-a amenaza, complacémol-o, porque é un bon "cativo" e porque non queremos que faga uso dun bastón que tén, e unha ferrola na punta. Iste bastón, dín as malas linguas, qu'era o terror da Tabacalera Española...

Xosé Arias, é o corresponsal de "A Nosa Terra", na que librou moy honrosas xornadas nazonalistas. Tén un coñecemento muy claro do ideá liberador, ó que consagra total-as suas enerxías iniciais.

Sinesio Fraga: (Contador) E un rapaz que leva por pernas duas aguilladas, e, o parecer, sempre anda de viaxe; pois que se gasta unha "maleta" que x'a quixeran moitos comisionistas en paños, pra un día de festa. Si, señor: o señor Fraga, é un galante xoven "moi cherepudo". O seu orgullo é un rapaciño que tén, e que asegura que vío a vida, berrando: ¡Viva Galiza ceibe!... O señor Fraga, vío a primeira luz en Santa Marta de Ortigueira, e dí que non se lle esquenece o traxe de "rayadillo" que portaba Mameb Casanova o día que ingresou na cárcer de Santa Marta, por desenterrar un morto.

## NOVAS DA CAUSA

Recibímol-o segundo número da revista "Nos", boletín mensual da cultura Galega, órgano da Sociedade galega de publicacións "Nos". Ista revista se edita en Ourense; e, sin dúbida, é o mais alto honor da prensa galega.

N-outro número lle concederemos a atención que se merece esta revista verdadeiramente galega e, pol-o tanto, inminentemente nazonalista.

A Xuntanza Nazonalista, fará unha imponente festa enxebre no mes de Marzo.

Iste mesmo día será o que acorden os Nazonalistas da Galiza, pra celebrar na cibdá de Tuy a magna asamblea, "Terceira Nazonalista."

O día 7 do mes en curso, lembraremos un día de tristura; un día en que todol-os corazóns galegos lateaban unisoamente. Foi aquel día en que a duras penas tuvimos que creer que Manuel Curros Enríque, que o grande das musas nos abandonaba pra sempre...

Asegura tamen, este ortegano cherepudo, que quizerá saber escribir correutamente e ter condicións de "persuasivo", pra facer un estudio coitado dos "victimas" do patriotismo", dos "victimas da maldá human", dos que sempre dín: "dejadme huir del hipócrita, del hombre malo, del falso, del patriotero, etc., etc.", e son os homes quenes teñen que fuxir d'elles.

F. G. Gómez: (Tesoureiro) E un rapaz moi nervioso; e cando lle falan do clero hespañol, pon o seu temperamento en observación... Gómez fala pouco. O noso Tesoureiro, sabe moi enxebres contos de inverno, que daprendeu na aldea, bicando rapazas, o redor da lareira... Aquí en Cuba, non tén "prima" ningunha; lexos d'eso, ten pensado acabar con todol-os "primos" e con total-as Xiras, donde se atopa a desventura de mais de catro das nosas mulleres.

Gómez, é un dos pouquiños que sinten na y-alma o Nazonalismo galego.

Xavier Pardo: (Vocal) E un "chico bien", que dirían nos Madriles. A Pardo no se lle podría confundir con Fontanills nin con Puga o da Cruña.

Escribe con moita corrección, pensa con asento, ten sentido lóxico e unha decisión sin límites pra loita Nazonalista.

Camilo Díaz Seoane: (Vocal) E rival de Arias; pasan o día discutindo si un é mellor mozo que o outro; a mín paréceme iguais, sin querer enoxar a ningún...

Camilo Díaz, coñece n'un tantiño o derradeiro rexurxir da Galiza; ten "cousas" de literato galego e estudiou, hastra donde cabe, a alma dos nosos aldeás. E un rapaz moi novo e ademira cando discute como vello cheo de esperencia.

B. Edreira: (Vocal) O mesmo que fai un papel dramático escribe un monólogo; e-a mesma facilidade que fai un pensamento, entona un alalá e baila unha muiñeira. (¡e-as muiñeiras andubo, non o

Edreira non entende de términos medios: ou vai a unha xunta e levanta unha iniciativa poderosa, ou non lle vemol-a cara en catro meses.

Sacrificase pol-a causa como poucos e non vay a unha xunta que non nos dé unha sorpresa agradable. Na proxima festa Nazonalista que celebraremos no Centro Galego, habédebos de reir un moito c-as orixinalidades do irmán Edreira. Vol-o xuro.

E deixaremos os outros irmans na antesala, hastra o número doua da publicazón, en que terei moitimo pracer no auto de presentación.

A morte do inmenso bardo, foi algo que aconxoitou as almas de todol-os que coñecíamos as suas esperanzas, que sabíamos da sua divisa... a divisa do poeta revelde, do autor da Virxen do Cristal.

Curros foi o noso poeta e o noso alentador. O autor do Diviño Sainete, foi un varil galeguista. Tan galeguista, que, de vivir oxe, faría o mellor canto de liberdade entr'as filas do Nazonalismo en acción!...

Sinesio Fraga.

### Legazón de Galiza na Illa de Cuba.

Prégase a todol-os Nazonalistas acretados que veñan da Patrea, e teñan reconocida falla de sustento ou percisen faguer algunha recramazón, a manden por esquirto a ista redazón, na que serán com-pridamente atendidos.

A. Legazón.